

AS NECESIDADES QUE SE AGACHAN TRALO PROGRAMA LABORA

Os contratos que se están a realizar a través do programa Labora veñen a demostrar que na Universidade de Vigo non existe unha política racional, seria e planificada para crear e dotar a estrutura necesaria que nos permita dispor dos servizos que precisamos e que a sociedade e o momento actual nos están a demandar. O que axudaría, de paso, á Universidade de Vigo mellorar no posto que ocupa no recente informe das universidades españolas, que ten que ve, entre outros, co tamaño do cadro de persoal do PAS.

As contratacións que ata agora se fixeron acolléndose a este programa fan, na maioría dos casos, emerxer necesidades estruturais que se están a cubrir dun xeito improvisado e precario tal e como o demostran as memorias elaboradas polas áreas ou servizos, que a xerencia entregou os representantes do persoal na Comisión de Política de Emprego o pasado 14 de novembro. As solicitudes están feitas polos responsables das áreas ou servizos, tanto políticos como de plantilla, sendo para nós máis difícil de comprender que estes últimos utilicen esta vía, fácil e inestable, para cubrir postos que, eles os primeiros, deberan esixir que se fixera desde as RPTs. A universidade contribúe, así, á utilización abusiva deste programa de inserción laboral.

Da lectura destes documentos extraemos catro conclusións básicas:

1. Hai áreas ou servizos que están a recoñecer que teñen un déficit de persoal e que polo tanto coa plantilla actual non poden acometer tódalas tarefas que teñen encomendadas (I + D, Departamentos investigación, ...).
2. Hai áreas ou servizos, que no seu cadro de persoal non teñen as persoas formadas e capacitadas para realizar tarefas de carácter claramente estrutural, ou no caso de telas se lles está a negar a posibilidade de facelas (Biblioteca, Servizos Informáticos).
3. Hai áreas (tamén chamadas oficinas) creadas por decisión política, que non contan con persoal propio da Universidade de Vigo é que, unha vez demostrada a súa necesidade, é preciso incorporar a relación de postos de traballo (Calidade, Prensa, OFIX, OFOE...).
4. Hai áreas que non están aínda creadas e que cómpre crealas canto antes porque hai razóns obxectivas que así o xustifican (por exemplo, tradución).

As memorias que xustificaron a contratación de persoal a través do programa poñen en evidencia tres cousas: que temos necesidades de persoal, que temos carencias formativas e que temos, aínda por crear, áreas de importancia estratéxica para a universidade. Nós tomamos nota e avisamos que cando nos sentemos a negociar as novas RPTs a nosa proba concluínte, para demostrar as necesidades de plantilla, serán as mesmas memoria que agora están a xustificar este emprego mal pagado e precario.

OS DEREITOS DOS "LABORA"

CC. OO ven de entregar un escrito á xerencia no que solicitamos que os traballadores e traballadoras contratados a través do programa Labora teñan os mesmos dereitos que temos recoñecidos o persoal propio da universidade. Como sindicato parécenos inxusto e inadmisibile, por exemplo, que a este persoal se lle poña por contrato un horario de 40 horas semanais.

Na carta lle solicitamos a xerencia que remita unha circular os servicios ou áreas que teñen contratados Labora na que se indique que teñen os mesmos dereitos que o resto do persoal, dereitos tales como os recollidos nos artigos 38, 39, 41, 42, 59, 60, 61, 62, 63, 65, 66, 67 e 69 do Iº Convenio Colectivo da Universidade de Vigo.